



## **ESTADÍSTICA DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2020 (1º semestre)**

### **OPERACIÓN ESTADÍSTICA Nº 2508-01-OE05**

### **1.- PRESENTACIÓN.**

O Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2020, aprobado polo Decreto 162/2019, do 19 de decembro, establece como unha das operacións estatísticas a realizar pola Secretaría Xeral da Igualdade, a estatística de violencia de xénero, na que se recollen os datos correspondentes aos expedientes tramitados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2020.

### **2.- NORMATIVA APLICABLE.**

#### **2.1.- Normativa da ONU.**

- 2.1.1- Declaración universal dos dereitos humanos (1948)
- 2.1.2- Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979)
- 2.1.3- Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller (1993).
- 2.1.4- Declaración de Beijing (1995).
- 2.1.5- Resolución 2002/52 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU.

#### **2.2.- Normativa europea.**

- 2.2.1- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)
- 2.2.2- Convenio do Consello de Europa ,do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)
- 2.2.3- Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúela Decisión marco 2001/220/JAI do Consello
- 2.2.4- Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.
- 2.2.5- Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.
- 2.2.6- Regulamento (UE) n º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil
- 2.2.7- Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres
- 2.2.8- Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).
- 2.2.9- Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas" adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)
- 2.2.10- Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.





### **2.3.- Normativa estatal.**

2.3.1.- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. (BOE 313, do 29-12-2004.).

2.3.2.- Ley 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito

2.3.3.- Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica.

2.3.4.- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

2.3.5.- Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza, modificado polo Real Decreto 576/2014, do 4 de xullo.

2.3.6.- Real Decreto-ley 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

### **2.4.- Normativa autonómica.**

2.4.1.- Estatuto de autonomía para Galicia,

2.4.2.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo

2.4.3.- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2.4.4.- Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.

2.4.5.- Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

2.4.6.- Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

2.4.7.- Resolución do 13 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2020 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, do 22 de xullo.

2.4.8.- Resolución do 20 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

### **2.5.- Organización.**

2.5.1.- Normas competenciais:

2.5.1.1.- Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia

2.5.1.2.- Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

2.5.1.3.- Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modificado polo Decreto 138/2019, do 24 de outubro.



### 3.- UNIDADES ESTADÍSTICAS.

#### 3.1.- PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DIRECTAS.

##### 3.1.1.- Axuda de pagamento único.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento único a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2020 réxese pola Resolución do 20 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DO nº 1 do 2 de xaneiro de 2020).

Os requisitos esixidos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.1 da antedita Resolución; son ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero; non convivir co agresor; estar empadroada e residir na Comunidade autónoma de Galicia; carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do Servizo Público de Emprego; ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial, e non ter percibido esta axuda ou a axuda periódica para vítimas de violencia de xénero con anterioridade.

Esta axuda é incompatible coa percepción de calquera outra axuda establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin. É, exclusivamente, compatible coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Segundo se establece no artigo 8.1 da citada Resolución do 20 de novembro de 2019, a situación de violencia acredítase pola orde de protección a favor da vítima, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a denunciante é vítima de violencia de xénero en tanto non se dite a orde de protección, así como a sentenza condenatoria definitiva, ou definitiva e firme, que conteña medidas de protección que acrediten a actualidade da situación de violencia.

A axuda consiste na contía económica seguinte:

| Tipoloxía                                                                                                                                                        | Importe do subsidio de desemprego |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------|
| - Con carácter xeral.                                                                                                                                            | 6 meses                           |
| - 1 familiar ou menor acollido pola vítima.                                                                                                                      | 12 meses                          |
| - Discapacidade da vítima $\geq 33\%$                                                                                                                            | 12 meses                          |
| - 2 ou mais familiares ou menores acollidos pola vítima, ou 1 familiar e 1 menor.                                                                                | 18 meses                          |
| - 1 familiar ou menor acollido pola vítima, e conxuntamente discapacidade da vítima ou da persoa dependente $\geq 33\%$                                          | 18 meses                          |
| - 2 ou máis familiares ou menores (ou 1 familiar e 1 menor) acollidos pola vítima, e conxuntamente, discapacidade $\geq 33\%$ da vítima ou da persoa dependente. | 24 meses                          |
| - Vítima, ou familiar ou menor acollido con discapacidade $\geq 65\%$                                                                                            | 24 meses                          |

##### 3.1.2.- Prestación periódica.

Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico a mulleres vítimas de violencia de xénero.

No ano 2020, réxese pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2019), que foi modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG, nº 36, do 20 de febreiro). E a través da Resolución do 13 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2020 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG nº 1 do 2 de xaneiro).

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda establécense no artigo 5 da antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019: ser muller, maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero, ter cesado a convivencia co agresor nos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, estar



empadroadora e residir na Comunidade Autónoma de Galicia, carecer de recursos económicos e/ou dispoñer dunha renda ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional da pagas extraordinarias, e non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pago único establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro. Para os efectos desta axuda téñen a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por “interpósita persoas”, con resultado de morte.

A situación de violencia de xénero derivada de convivencia acreditarase, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras recollidas na antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, con algún dos documentos seguintes: certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual; informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual; informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da administración pública autonómica ou local, informe dos servizos de acollida ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. As contías son:

| Ingresos                                                                                                                                                                                                                                                 | Contía axuda por mes |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Ingresos $\leq$ IPREM vixente. Carácter xeral.                                                                                                                                                                                                           | 600 €                |
| Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq 33\%$                                                                                                                                         | 650 €                |
| Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                                                                   | 700 €                |
| Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.                                                                                                                                                                   | 700 €                |
| Ingresos $\leq$ IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                                                     | 800 €                |
| Ingresos $\leq$ IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.                             | 800 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM. Carácter xeral.                                                                                                                                                                                             | 300 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítima $\geq 33\%$                                                                                                                   | 350 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                                             | 400 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.                                                                                                                                             | 400 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                               | 500 €                |
| Ingresos $>$ IPREM e $\leq 1,5$ veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.       | 500 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM . Carácter xeral.                                                                                                                                                                                      | 200 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas $\geq 33\%$                                                                                                            | 250 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                                       | 300 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.                                                                                                                                       | 300 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$                                                                         | 400 €                |
| Ingresos $> 1,5$ veces IPREM e $\leq$ dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro. | 400 €                |





A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas.

### **3.1.3.- Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**

Expedientes de concesión da axuda establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

No ano 2020 réxese pola Resolución do 20 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DO nº 1 do 2 de xaneiro de 2020).

Esta liña de axudas ten por obxecto proporcionar axuda económica en forma de indemnización dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e os menores ou persoas dependentes delas polos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da situación de violencia. Trátase de indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego, no caso de incumprimento, por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Poden ser beneficiarias destas axudas: as mulleres que sufran violencia de xénero, as persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero, as persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero e as persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda recóllense no artigo 6.2 da citada Resolución do 20 de novembro de 2019: estar empadrouda e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia, que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento e que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a el, sen que a contía máxima poida ser superior a 6.000 € por cada persoa beneficiaria.

## **3.2.- PRESTACIÓNS DE SERVIZOS.**

### **3.2.1.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**

Expedientes de seguimento de medidas de protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Estes expedientes ábranse pola entrada no PCOP, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, da comunicación dos xulgados competentes da adopción dunha resolución xudicial (auto ou sentenza) que implica pronunciamento sobre medidas ou ordes de protección. A información (sentenzas/autos/medidas/ordes de protección) remítese desde os xulgados. O funcionamento xeral é de apertura dun expediente por vítima; o que supón que en certo número de casos dentro dun mesmo expediente, faise un seguimento a sucesivas medidas ou ordes de protección.

## **3.3.- ACREDITACIÓNS.**

Solicitudes e expedición de certificacións/acreditacións da condición de vítima de violencia de xénero.

### **3.3.1.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.**

O artigo 2º.b da orde do Orde do 2 de maio de 2006 establece como un dos documentos que debe acompañar á solicitude de incorporación ao programa, a Certificación acreditativa da condición de vítima, expedida polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección, dependente da Secretaría Xeral da Igualdade.

### **3.3.2.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade.**

Debe incluír referencias á situación persoal e familiar da solicitante, á intervención social acordada e á súa situación de vivenda, aos efectos da adxudicación directa de vivendas de aluguer a mulleres vítimas de violencia de xénero (Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o Programa Aluga, para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia).





#### 4.- DATOS ESTADÍSTICOS.

##### 4.1.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento único.

| Provincia    | Nº resolucións favorables |             |       |
|--------------|---------------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 84                        |             |       |
| Lugo         | 9                         |             |       |
| Ourense      | 21                        |             |       |
| Pontevedra   | 68                        |             |       |
| <b>Total</b> | <b>182</b>                |             |       |

##### 4.2.- Expedientes de concesión de axudas de pagamento periódico.

| Provincia    | Nº resolucións favorables |             |       |
|--------------|---------------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 157                       |             |       |
| Lugo         | 26                        |             |       |
| Ourense      | 39                        |             |       |
| Pontevedra   | 97                        |             |       |
| <b>Total</b> | <b>319</b>                |             |       |

##### 4.3.- Expedientes de concesión da indemnización regulada no artigo 43 da Lei galega 11/2007.

| Provincia    | Nº resolucións favorables |             |       |
|--------------|---------------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre               | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 2                         |             |       |
| Lugo         | 2                         |             |       |
| Ourense      | 0                         |             |       |
| Pontevedra   | 0                         |             |       |
| <b>Total</b> | <b>4</b>                  |             |       |



**4.4.- Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**

**Novos expedientes seguidos**

| Provincia    | Nº expedientes |             |       |
|--------------|----------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre    | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 201            |             |       |
| Lugo         | 59             |             |       |
| Ourense      | 53             |             |       |
| Pontevedra   | 142            |             |       |
| <b>Total</b> | <b>455</b>     |             |       |

**Medidas de protección comunicadas**

| Provincia    | Nº ordes protección |             |       |
|--------------|---------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre         | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 249                 |             |       |
| Lugo         | 73                  |             |       |
| Ourense      | 56                  |             |       |
| Pontevedra   | 158                 |             |       |
| <b>Total</b> | <b>536</b>          |             |       |

**4.5.- Certificación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, para os efectos da incorporación ao programa de inserción laboral deste colectivo.**

| Provincia    | Nº certificacións emitidas |             |       |
|--------------|----------------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre                | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 2                          |             |       |
| Lugo         | 2                          |             |       |
| Ourense      | 0                          |             |       |
| Pontevedra   | 1                          |             |       |
| <b>Total</b> | <b>5</b>                   |             |       |



**4.6.- Informe técnico da Secretaría Xeral da Igualdade para os efectos da concesión de vivenda en aluguer.**

| Provincia    | Nº informes emitidos |             |       |
|--------------|----------------------|-------------|-------|
|              | 1º semestre          | 2º semestre | Total |
| A Coruña     | 10                   |             |       |
| Lugo         | 3                    |             |       |
| Ourense      | 6                    |             |       |
| Pontevedra   | 4                    |             |       |
| <b>Total</b> | <b>23</b>            |             |       |